



BANDO

MEDIDAS COVID-19

DAVID BARBEIRA GARCÍA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANTA COMBA, FAI SABER:

A toda a veciñanza do Concello de Santa Comba que segundo datos facilitados polas autoridades sanitarias, neste momento, son 28 os casos positivos por Coronavirus COVID-19, aínda que existen probas PCR pendentes de resultados.

Ante o aumento de casos de infección polo virus SARS-CoV-2 (COVID-19) rexistrado nos últimos días no concello, e co fin de frear o aumento de número de casos positivos, o concello de Santa Comba adoita a seguinte medida:

1.- Pechar ao público as áreas recreativas por mor da situación dos gromos de COVID-19 xurdidos nos últimos días ata que a situación se normalice.

Recórdanse as medidas adoptadas no bando do 24 de agosto de 2020:

1. Pechar ao público os parques infantís, circuito de calistenia, pista multideporte, pista de pádel, pavillóns e piscina descuberta.

2. Pídese á cidadanía unha maior responsabilidade no peche dos locais de hostalería (hora límite de apertura de locais de hostalería e restauración ata a 1 da madrugada. A partir das 00:00, non se admitirán novos clientes) e no cumprimento da normativa relacionadas coas terrazas.

3.- Comenzarase coa desinfección de rúas de xeito graduado.

O concello de Santa Comba tamén quere recordar a todos os seus veciños que é imprescindible seguir as recomendacións das autoridades sanitarias para previr a transmisión do coronavirus:

1. Usar máscara seguindo as recomendacións sanitarias é obrigatorio en tódalas circunstancias.
2. Lavar as mans frecuentemente con auga e xabón ou solución hidroalcohólica.
3. Manter unha distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.
4. Evitar aglomeracións en sitios concorridos, así como evitar reunións e actos sociais con máis de 10 persoas tanto en lugares públicos (terrazas..) como privados (domicilios...). Recoméndase evitar os contactos sociais fora do grupo de convivencia estable.
5. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, ao tusir ou esberrar, cubrir a boca co cóbado flexionado ou cun pano desbotable, tirándoo despois a unha papeleira.
6. Con síntomas (febre, tose, dor de cabeza, perda de olfacto e gusto, diarrea, etc.) quedar na casa e contactar telefonicamente co seu/súa médico de Atención Primaria.
7. Prohibición de fumar e vapear na vía pública ou en espazo ao aire libre cando non se poida respetar unha distancia mínima interpersoal de 1,5 metros.

Para máis información: www.coronavirus.sergas.gal.

Santa Comba, 25 de agosto de 2020

O Alcalde,

Asdo.: David Barbeira García